

ORDENANZA FISCAL Nº 52, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM)

ARTIGO 1.

1. De conformidade co establecido no art. 59 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo de imposición obrigatoria que se esixirá de acordo coa devandita lei e as disposicións que a desenvolven.
2. Ao abeiro do disposto no art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello da Coruña procede a aprobar a presente ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que a lei remite á súa determinación por parte da Corporación.

ARTIGO 2.

O imposto esixírase de acordo co cadro de tarifas establecido no artigo 95.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ás que se aplicarán os coeficientes fixados na Disposición Adicional Primeira.

Cota Ano:	EUROS
1 Turismos:	
1.1 De menos de 8 cabalos fiscais	12,62
1.2 De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	34,08
1.3 De máis de 12 ata 15,99 cabalos fiscais	71,94
1.4 De máis de 16 ata 19,99 cabalos fiscais	89,61
1.5 De 20 cabalos fiscais en diante	112,00
2 Autobuses:	
2.1 De menos de 21 prazas	83,30
2.2 De 21 a 50 prazas	118,64
2.3 De máis de 50 prazas	148,30
3 Camións:	
3.1 De menos de 1.000 kg. de carga útil	42,28
3.2 De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	83,30
3.3 De máis de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	118,64
3.4 De máis de 9.999 kg. de carga útil	148,30
4 Tractores:	
4.1 De menos de 16 cabalos fiscais	17,67
4.2 De 16 a 25 cabalos fiscais	27,77
4.3 De máis de 25 cabalos fiscais	83,30
5 Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
5.1 De menos de 1.000 e máis de 750 kg. de carga útil	17,67
5.2 De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	27,77
5.3 De máis de 2.999 kg. de carga útil	83,30
6 Outros vehículos:	
6.1 Ciclomotores	4,42
6.2 Motocicletas ata 125 c.c.	4,42
6.3 Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	7,57
6.4 Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.	15,15
6.5 Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.	30,29
6.6 Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	60,58

ARTIGO 3. NORMAS DE XESTIÓN.

1. O instrumento acreditativo do pagamento deste imposto será a carta de pago debidamente diligenciada de que se produciu o ingreso da cota na Tesourería Municipal ou nalguna entidade colaboradora para a xestión de tributos. Para a cobranza por medio do Padrón anual, estarase ao disposto no art. 86 da Ordenanza xeral de xestión.
2. Os titulares dos vehículos, cando lle comuniquen á Xefatura Provincial de Tráfico a reforma destes, sempre que altere a súa clasificación para os efectos deste imposto, así como tamén nos casos de transferencia, de cambio de domicilio que conste no permiso de circulación do vehículo, ou de baixa dos devanditos vehículos, deberán acreditar previamente ante a referida Xefatura Provincial o pagamento do último recibo presentado ao cobro do imposto, sen prexuízo de que sexa esixible por vía de xestión e inspección o pagamento de todas as débedas polo devandito concepto xeradas, liquidadas, presentadas ao cobro e non prescritas. Exceptúase da referida obriga de acreditación o suposto de baixas definitivas de vehículos con quince ou máis anos de antigüidade.
3. Poderase establecer a obriga do suxeito pasivo de liquidar a súa débeda tributaria, utilizando os impresos que, con este fin, dispoña a Administración Municipal.
4. No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circular, o pago das cotas anuais realizarase dentro do primeiro semestre de cada exercicio económico.
5. Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, salvo que se modificase o consignado neles.

ARTIGO 4. EXENCÍONS

Para poder obter as exencións a que se refiren os parágrafos e) e g) do apartado 1 do artigo 93 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio e acreditar, mediante a presentación da documentación en que conste a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia.

Xunto coa petición de exención regulada no artigo 93 do mencionado texto legal, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado oficial acreditativo do grao e clase de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia, ou o correspondente organismo da Comunidade Autónoma competente en cada caso.
- Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

No caso de tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de Cartilla de Inspección Agrícola.

- Fotocopia compulsada do permiso de circulación do vehículo.
- Fotocopia compulsada da tarxeta de características técnicas do vehículo.
- Fotocopia do DNI do titular.
- Fotocopia compulsada da Cartilla de Inspección Agrícola.

As exencións que, se é o caso, se concedan en calquera dos supostos regulados no presente artigo, non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

ARTIGO 5. BONIFICACÍONS

1. Os vehículos históricos e todos aqueles que a 31 de decembro de 2015, teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñece, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar, gozarán dunha bonificación do 100% da cota incrementada do imposto. Os suxeitos pasivos ou os seus representantes poderán solicitar a concesión da bonificación acreditando a data de fabricación ou primeira matriculación por medio dunha copia compulsada da ficha técnica, o permiso de circulación do vehículo ou o certificado do fabricante ou de Industria respecto da data en que deixou de fabricarse o modelo en cuestión. O peticionario deberá xustificar, así mesmo, estar ao corrente do pago do imposto mediante a exhibición dos recibos dos últimos catro exercicios, ou certificado equivalente.

2. Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses e autocares, gozarán nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

A) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimicen as emisións contaminantes. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 60% na cota do imposto durante o exercicio no que se produce a matriculación e o seguinte.

Que se trate de vehículos de motor eléctrico e/ou de emisións nulas. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 60% da cota, durante o exercicio no que se produce a matriculación e o seguinte.

B) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno e GLP ou mixtos GLP-gasolina en motores de ciclo OTTO, tanto implantados de fábrica como posteriormente, sempre certificando a súa implantación por organismos ou empresas homologadas para o devandito fin. Estes vehículos gozarán dunha bonificación do 60 % durante o exercicio no que se produce a matriculación e o seguinte

Para poder gozar das bonificacións a que se refire este apartado 2 do presente artigo, as persoas interesadas deberán instar a súa concesión presentando a ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos. En todos os supostos, se se desexa que a bonificación produza efectos no mesmo período impositivo en que se produce a matriculación, a solicitude deberá presentarse no prazo dun mes desde a matriculación. En caso de que a solicitude se presente con posterioridade, a bonificación producirá efectos para o período impositivo seguinte á data de presentación da dita solicitude, e non alcanzará as cotas xeradas con anterioridade a esta. As bonificacións reguladas no presente artigo non son aplicables simultaneamente. No caso de que o suxeito pasivo teña dereito a dúas ou mais, gozará da mais alta.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA. De conformidade co establecido no artigo 95.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as cotas establecidas no artigo 2 serán incrementadas pola aplicación dos seguintes coeficientes:

- Ás tarifas dos epígrafes 1.1, 6.1 e 6.2 aplicaráselles o coeficiente de 1,545.
- Ás tarifas dos epígrafes 1.2, 1.3, 2.1, 2.2, 2.3, 3.1, 3.2, 3.3, 3.4, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2, 5.3, 6.3 e 6.4 aplicaráselles un coeficiente de 1,837.
- Ás tarifas dos epígrafes 1.4, 1.5, 6.5 e 6.6 aplicaráselles o coeficiente de 2,000.

Aplicados os coeficientes sinalados procederase a redondear por exceso ou defecto a cantidade resultante ata o inmediato múltiplo de cinco.

Efectuadas esas operacións, as cotas serán as seguintes:

	EUROS
1 Turismos:	
1.1 De menos de 8 cabalos fiscais	19,50
1.2 De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	62,62
1.3 De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	132,19
1.4 De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	179,20
1.5 De 20 cabalos fiscais en diante	224,00
2 Autobuses:	
2.1 De menos de 21 prazas	153,07
2.2 De 21 a 50 prazas	218,00
2.3 De máis de 50 prazas	272,50
3 Camións:	
3.1 De menos de 1.000 kg. de carga útil	77,69
3.2 De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	153,07
3.3 De máis de 2.999 a 9.999 kg. de carga útil	218,00
3.4 De máis de 9.999 kg. de carga útil	272,50
4 Tractores:	
4.1 De menos de 16 cabalos fiscais	32,47
4.2 De 16 a 25 cabalos fiscais	51,03

4.3 De máis de 25 cabalos fiscais	153,07
5 Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
5.1 De menos de 1.000 e máis de 750 kg. de carga útil	32,47
5.2 De 1.000 a 2.999 kg. de carga útil	51,03
5.3 De máis de 2.999 kg. de carga útil	153,07
6 Outros vehículos:	
6.1 Ciclomotores	6,83
6.2 Motocicletas ata 125 c.c.	6,83
6.3 Motocicletas de máis de 125 c.c. ata 250 c.c.	13,91
6.4 Motocicletas de máis de 250 c.c. ata 500 c.c.	27,84
6.5 Motocicletas de máis de 500 c.c. ata 1.000 c.c.	60,60
6.6 Motocicletas de máis de 1.000 c.c.	121,15

SEGUNDA.

1. No tocante á aplicación das tarifas, o concepto das diversas clases de vehículos será o recollido no Real decreto 2822/98 do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, en relación ás definicións e categorías de vehículos, tendo en conta ademais, para resolver as dúbidas de cualificación que puidesen formularse, as seguintes normas:
2. En todo caso, a rúbrica xenérica de tractores a que se refire o epígrafe 4 das tarifas, comprende os tractocamións e os tractores de obras e servizos.
3. A potencia fiscal expresada en cabalos fiscais establecerase de acordo co disposto no artigo 260 do Código de Circulación.
4. Para resolver as dúbidas de cualificación que puidesen formularse, empregaranse subsidiariamente as seguintes normas:

1ª. Os vehículos definidos como mixtos, mixtos adaptables, furgón mixto adaptable e similares polo literal da clave numérica reflectido na ficha técnica, tributarán como turismo, pola súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:

- Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará como autobús.
- Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 750 kg. de carga útil, tributará como camión.
- Os vehículos furgóns (clasificacións 24, 25 e 26 do Anexo II do Regulamento xeral de vehículos), tributarán para os efectos deste imposto, pola súa carga útil.
- Os cualificados como vehículos - vivenda, tributarán como camión.

2ª. Os motocarros e cuatriciclos terán a consideración, para os efectos deste imposto, de motocicletas e, polo tanto, tributarán pola capacidade da súa cilindrada. Nos casos nos que non teñan cilindrada tributarán como turismos pola súa potencia fiscal.

3ª. Os quads tributarán como cuatriciclos pola súa cilindrada.

4ª. Os Todo Terreo, tributarán como turismos segundo a súa potencia fiscal.

5ª. No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado o que leve a potencia de arrastre e os remolques ou semirremolques arrastrados.

6ª. No caso de remolques e semirremolques que pola súa capacidade non estean obrigados a ser matriculados, consideraranse como aptos para a circulación dende o momento que se expedise a certificación correspondente polo organismo competente ou, se é o caso, cando realmente estean en circulación.

7ª. As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outros vehículos de tracción mecánica tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

TERCEIRA.

Como normas complementarias que hai que ter en conta na xestión do imposto, aplicaranse as aprobadas pola Comisión de Goberno con datas 4 de xaneiro, 8 e 22 de maio de 1990.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 18 de novembro de 2024, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

BOP da Coruña, núm 9 de data 15.01.2025